

REGULAMENTO CONTROL 12000m 16/12/2018

ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da competición **AMIGABLE** correspóndelle á Comisión Técnica da F.G.P.

PATROCINIO

O patrocinio correspóndelle á Federación Galega de piragüismo.

LUGAR, DATA E HORA

Data	Competición	Grupo	Lugar	Hora saída
16/12/2018	CONTROL de 12000m	Amigable	Pontevedra Río Lérez	10:30

EQUIPO ARBITRAL E COMITÉ DE COMPETICION

O Equipo arbitral e o Comité de Competición, serán os /as que designe a Comisión Técnica.

PARTICIPACIÓN

Será para todos os deportistas de clubs galegos, que estean en posesión da **licenza federativa actualizada para a tempada 2019**.

INSCRICIÓN

Cada club poderá inscribir o número de deportistas que desexe, por modalidades e categorías, sempre e cando estean mutualizados no 2019.

As inscricións formalizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo.

A data límite para inscricións será o mércores 12 de decembro ás 24:00 h

CONFIRMACIONES DAS INSCRICIÓN

A confirmación realizarase o día da competición entre as 09:30 e as 10:00 da mañá na oficina da FEGAPI .

Celebrarase unha reunión de delegados as 10:00 para explicar percorridos e pormenores da proba.

SANCIONS POR BAIXA

Ao ser unha proba de carácter amigable non se aplicará a normativa de altas e baixas.

CATEGORÍAS E EMBARCACIÓNS

MODALIDADE	SEXO	CATEGORÍAS
K-1 e C-1	Mulleres e Homes	Cadete, Júnior, Sénior e Veterano

Recordase a obriga de que as embarcacións participantes cumpran as condicións recollidas nos regulamentos referidas a flotabilidade (cortiza de 3 cm. de grosor, 17 cm. de alto e 60 cm. de longo), peso e medidas. Ademais deberán **estar provistas de tabilllas**.

CLASIFICACIÓN

Ao ser unha proba de carácter amigable, só realizarase a clasificación por categorías e modalidades.

A clasificación definitiva será publicada na web da FEGAPI

HORARIO DE SAIDAS, DISTANCIAS E DISTRIBUCIÓN DO PERCORRIDO

Saída.

A saída realizarase a partir das **10:30 h** dende as inmediacións da Ponte dos Tirantes, da forma seguinte:

1ª TANDA	10:30 Kaiak home Cadete	8000 m
	10:33 Kaiak muller Cadete	
	10:36 Canoa home Cadete	
	10:39 Canoa muller, sénior, junior e cadete	
2ª TANDA	12:00 Kaiak home Sénior e Veterano	12000 m
	12:03 Kaiak home Junior	
	12:06 Canoa home Sénior, Junior e Veterano	
	12:09 Kaiak muller, Sénior, Junior e Veterana	

Distancias.

Para Kaiak home, muller e Canoa home Veterano, Sénior e Junior:

A distancia total da proba será de **12 km** nun percorrido **dunha volta**.

Para Categoría Cadete e Muller Canoa :

A distancia total da proba será de **8 km, unha volta ao** percorrido.

INFORMACION ADICIONAL DA PROBA

As ciabogas serán no sentido contrario das agullas do reloxo.

REGULAMENTACIÓN

A competición rexerese polo seu propio regulamento.

TROFEOS E MEDALLAS

Non haberá trofeos nin medallas.

RECLAMACIONES

Toda reclamación sobre o desenvolvemento desta proba amigable, será presentada ao comité organizador tras finalizar a competición.

OUTRAS NORMAS

A Federación e os organizadores non se farán responsables dos danos que se poideran causar ás embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte á mesma.

Lémbrese a obrigaición de usar sistemas de flotabilidade para todas as embarcacións. **A falta destas prohibirá o acceso á auga.**

E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO SALVAVIDAS PARA TODOS OS DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS CADETE E JÚNIOR

AQUEL DEPORTISTA QUE SEXA DE CATEGORÍA JÚNIOR E COMPITA COMO SÉNIOR DEBERÁ OBRIGATORIAMENTE USAR O CHALECO SALVAVIDAS.

Así mesmo aconséllase o uso do chaleco para todas as demais categorías e modalidades

INFORMACIÓN

Para máis información desta proba, poderán dirixirse á Federación Galega de Piragüismo (C/ Gavian s/n Verducido, 36151 Pontevedra), Tfns de contacto : 986842106 , fax 986851108, e-mail: kayak-canoa@fegapi.org e na páxina web www.fegapi.org

Pontevedra, 26 de novembro de 2018

Vº Bº
PRESIDENTE



O SECRETARIO

